



# **Historia de vida de José Seijas Insua Carral-Barcelona-Mauthausen 1911-1942**

M<sup>a</sup> Nieves Villar Garrote e Miguel Alonso Cambrón

## **Edita**

Asociación Cultural "Cultura Aberta"  
Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)

## **Patrocina**

Deputación Provincial da Coruña

## **Fotos**

Arquivo personal de Olga Seijas

## **Impresión**

Rimigraf  
ISBN:  
DL:

## **Agradecementos**

A Olga Seijas e Julia, filla e neta de José Seijas Insua.  
A Carmen García-Rodeja, Lois Anxo Bestilleiro, Mónica Borrás, Daniel Palleiro e a Márcia L. Hattori

*Adicado á familia Seijas Fuentes e á memoria dos que loitaron  
pola liberdade*

É indubidable que calquera conflito armado, histórico ou contemporáneo, ten unha compoñente catastrófica con múltiples ramificacións. Unha guerra é sempre o fracaso da palabra. A historia da nosa especie é unha historia chea desta clase de traxedias pois, moi a pesar noso, a relación da humanidade co conflito é artelladora. Sen conflito non hai acordo e sen acordos non existirían as bases fundacionais das sociedades e da sociabilidade humana, tanto nos eidos dos procesos macro-históricos (a “grande” historia que recollen libros de texto e manuais especializados), como no referido á infinidade de micro-historias persoais que se agochan tras daqueles grandes procesos e sen os que non poderíamos falar de Historia (con maiúsculas) ou de historiografía, xa que son os que dotan de precisión, contrastabilidade e profundidade emocional a calquera proceso de reconstrución do pasado.

Grande parte do traballo da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) consiste, precisamente, na investigación e posta en valor desta sorte de patrimonio inmaterial referido ás pequenas historias porque, ben é sabido que sen átomos a materia non existiría do mesmo xeito que sen patas non habería forma posible de que existisen mesas ou cadeiras.

Así pois, poñemos en funcionamento o noso particular microscopio histórico e damos comezo a unha desas pequenas historias que non só forman parte estrutural dos procesos macro-históricos relacionados coa Guerra Civil española, a crúa e cruel represión posterior e o réxime ditatorial que contivo a liberdade de expresión, acción e emoción social e persoal no estado español ata os nosos días, senón que veñen a artellar a nosa contemporaneidade e desde as que podemos chegar a comprender o alcance humano e real destes conflitos.

Do mesmo xeito que os mortos transfórmanse en po e terra, é desa mesma terra da que de novo agroma a vida, as esperanzas e os sonhos daqueles que veñen despois de nós. É a nosa obriga facer perdurar o noso propio relato do que vivimos, deixar constancia das nosas experiencias e reflexións e contemplar a posibilidade de que alguén as lea e aproveite nun futuro non moi afastado.

## Os deportados

Unha boa parte desas micro-historias foron protagonizadas polos máis de 9.000 españois (dos cales case 200 eran galegos) que se viron na obriga de exiliarse a Francia, escapando das miserias da Guerra Civil por razóns ideolóxicas, políticas ou relacionadas coa encarnizada represión que o bando rebelde aplicaba ós prisioneiros, e que a súa sorte os levou aos campos de concentración durante a II Guerra Mundial.

No seu percorrido moitos deles acabaron formando parte das Compañías de Traballadores estranxeiros, obrigados a traballar prestando servizo nas obras defensivas das fronteiras e nos campamentos militares. Trala ocupación de Francia polo exército da Alemaña nazi estes exiliados convértense en prisioneiros de guerra, rematando en campos de concentración. A meirande parte dos presos españois van a parar a Mauthausen, en Austria.

A vida e a supervivencia neste e noutros campos de concentración caracterizábase por unhas condicións infrahumanas de amoreamento, maltrato e escravitude que fixo que moitos deles sucumbisen. Outros, grazas a diferentes circunstancias, como puido ser a súa idade, o seu estado de saúde, os coñecementos ou habilidades que posuían na medida da súa utilidade para os alemáns ou a sorte en xeral, conseguiron sobrevivir ata a chegada do exército aliado. Mais unha vez liberados, outra vez quedarían á súa sorte, sen un país ó que regresar, tratando de refacer as súas vidas desde cero e traumatizados polas terribles experiencias vividas.



## José Seijas Insua

A historia que relataremos a continuación é unha historia de comunicación intermitente, transmisión oral, novas do boca-a-boca, medias verdades e, finalmente, de coñecemento certo, acougo e rexurdimiento. É a historia da vida de José Seijas Insua, que foi reconstruída a partir dunha serie de entrevistas e da investigación documental por parte da súa filla Olga Seijas Fuentes e da súa neta Julia Longueira Seijas.

José Seijas Insua nace un venres 7 de abril de 1911 na parroquia de Santo Estebo de Paleo, na localidade coruñesa de Carral, 75 anos trala fundación do seu concello e sete anos despois da construción do monumento en honor ós mártires do levantamento de 1846.

José, o primeiro de catro irmáns, era fillo de Juan e Josefa, que rexentaban o que daquela era o establecemento de ultramarinos máis antigo da localidade. Adicación esta a dos seus pais, que lle debeu proporcionar comodidade e folgura económica abondo como para embarcarse nos estudos de peritaxe mercantil na cercana cidade da Coruña.

En 1932, con 21 anos de idade, é chamado a facer o servizo militar e marcha a Ceuta para incorporarse ó rexemento de infantería número oito. José marcha namorado de Julia Fuentes. Unha relación, esta, que non era vista con bos ollos pola súa familia xa que ela pertencía a unha clase social non tan relevante como a propia de José. Á súa volta decide ingresar no corpo de policía, facendo efectiva a súa entrada o 14 de novembro de 1934 e sendo finalmente destinado a Barcelona en 1935. Alí, xa cunha certa estabilidade, José e Julia casan por poderes (sendo o primeiro matrimonio que se dá nestas circunstancias en Carral) e Julia trasládase á beira do Mediterráneo onde nacerá a súa filla Olga.

A pesar da corta idade de Olga, no seu recordo pervive a relativa tranquilidade da Barcelona dos anos trinta entre as rúas Passeig de Gràcia





*José como garda de asalto*



*Julia, Olga e José*

e Pi i Margall, os paseos co seu pai, que a levaba no triciclo suxeitándoa por detrás para que non caese, o sabor do pan con mantequilla, a imaxe simpática de José envolvendo á súa nai, baixiña de estatura, co seu capote de policía ou o son do piano da casa da veciña. Son que se gravou na súa memoria e que contrasta co dos avións militares sobrevoando Barcelona e o das sereas que advertían e recomendaban buscar acubillo.

José Seijas era un home crente e respetuoso coa Igrexa. Conta a súa filla que cando fixo o servizo militar coincidiu en Ceuta cun crego de Carballo e que eran eles dous os únicos que rezaban o Rosario. Así foi que bautizaron a Olga e lle atribuíron madriña e padriño. O seu padriño foi Luis Sousa, compañeiro de José no corpo de policía e orixinario da zona de Ordes e que, trala toma de Barcelona embarcaría cara a México como tantos outros exiliados. A súa madriña, María Puello Buera, tamén veciña de Barcelona, seguiría en contacto con ela aínda despois de se deixaren de ver.

E foi José, tamén, un home entregado á súa profesión. En xullo de 1936 é ascendido de garda a cabo “por su lealtad y adhesión al régimen” e en agosto do mesmo ano a sarxento “por su distinguido comportamiento en operaciones de guerra”. Será despois das dúas campañas de bombardeos aéreos sobre a cidade condal de xaneiro e marzo de 1938 cando acade o rango de tenente.

Porén, pouco máis dura a estancia da familia en Barcelona. As circunstancias lévanos a fuxir cara a Francia cando Olga non contaba con máis de catro anos de idade, sendo nesta fuxida a última vez que están xuntos. Os recordos dun tren con moita xente, dun lugar escuro onde debían estar moi quedos e calados e a última vez que ve a seu pai cando a “meten ou sacan por unha ventá” son as vivencias que Olga consegue recordar daquel suceso. Nai e filla retornan a Carral, onde Olga ficará ata o día de hoxe.

**FUERZAS AFECTAS AL S. I. M.**  
 22.º GRUPO DE ASALTO      88.ª COMPAÑÍA

Ficha del Cemento  
Seijas  
José  
Linares

Fecha de nacimiento 7 Abril 1911  
 Hijo de Luis y de Josefa  
 Natural de Lagal Provincia La Coruña  
 De estado Casado con Luisa Fuentes  
 Ingresó en el Cuerpo en 14-11-1934 Procedente  
 Destinado a la Compañía en O. Grupo de 13-9-1938  
 Incorporado el \_\_\_\_\_ Procedente 87 Compañía

Pola outra banda, José inicia unha viaxe que o levará dende Barcelona ata Saint Cyprien, un dos moitos campos de refuxiados que o goberno francés habilita para acoller ós exiliados e deportados españois, onde se incorpora á 109ª Compañía de Traballadores Españois.



*A 109ª Compañía de Traballadores Españois.  
 José é o quinto pola esquerda da segunda fila*


Ascendí a Cabo en 19 de Julio de 1936  
 Id. a Sargento en 16 de Agosto de 1936  
 Id. a Cemento en 9 de Setembro de 1938  
 Organización que avaló ingreso P. I. M.  
 Reclamado por por méritos  
 Lugar donde presta sus servicios \_\_\_\_\_  
 Procedente del arma de Infantería  
 De guarnición en \_\_\_\_\_ Reemplazo \_\_\_\_\_ Talla \_\_\_\_\_  
 Profesión Trabajo de canchales  
 Domicilio Calle de Pi. Marañón 119. part. 2ª  
Exija por pase a la 86 Compª 29. 9-1-1939

*Carné da guardia de asalto*

Dende Francia comeza a enviar cartas á súa familia, nas que vai mudando o enderezo do destinatario a fin de evitar as previsibles represalias. Tal é o coidado para eludir a vixilancia da correspondencia que aproveita viaxes de coñecidos para envalas, chegando a verse obrigados estes nalgunha ocasión a escondelas na sola dos zapatos.

*“Es para Juan Seijas Insúa. Carral  
 Queridísimo hermano: (...) Me extraña sobremanera no recibir tus cartas, así como que no lleguen a tu poder tampoco las mías.”*






Nelas aflora a súa calidade humana, aportando consellos ós seus irmáns, a pesar das diferencias ideolóxicas, en cuestións que considera importantes como a saúde, a vida sentimental, as dificultades económicas propias da posguerra ou certas xestións administrativas.

É nesta correspondencia onde podemos observar como, a pesar da súa precaria situación, non perde José a esperanza na construción dun futuro para os seus seres queridos, e incluso para el mesmo.


*“No temas a hacer frente a la vida, pues si bien tiene algún trance amargo, también tiene horas dulcísimas e incomparables. Cuando formé mi hogar, yo nada era, todo lo tuve que conquistar con mi esfuerzo, con mi trabajo y triunfó. ¿Qué me importa mi presente? El mañana es muy largo y puede ser feliz.”*




En todas as súas cartas manifesta José o seu interese e amor pola súa

muller e pola súa filla, así como a morriña que ten dos seus irmáns, ata tal punto que a soa idea de voltar a velos a todos infúndelle folgos para enfrontarse ó día a día en Francia.

*“Tantas ganas como vosotros tengo yo de veros y de vivir en esa tierra de provisión que se llama Galicia. El estar entre vosotros constituye una de las aspiraciones más grande de mi razón de existencia.”*



*“de mi vida (...) te aseguro que esta se desenvuelve dentro de una monotonía tan grande, que nada hay en ella digna de mención. Los únicos acontecimientos extraordinarios que en ella existen son vuestras cartas que llenan el vacío que en mi alma existe desde hace cierto tiempo. Sólo te diré que estoy relativamente bien (...)”*



En ocasións manifesta un certo pesimismo, que é meirande a medida que a situación se prolonga e a través do que chega a facer profundas reflexións sobre a súa vida.

*“pues el orgullo que antes tenía en gran cantidad, desapareció de mi y se convirtió en dignidad en proporciones tales, que son suficientes para arrastrar mi miseria.”*



oficinas. Lo temprano puede hacer nada por ella; pasaron Reyes y no puede enviarme ni una misiva. Llegó mi santo y temprano puedo cumplir la promesa del regalo. Así se lo dije pues el orgullo que antes tenía en gran cantidad desapareció de mí y se convirtió en dignidad en proporciones tales que son suficientes para arrastrar mi miseria.

Resulta particular a súa insistencia, en diferentes cartas, en referencia a que lle envíen algúns libros que bota en falta ou precisa, entre eles unha gramática española, xa que nos conta que estaba a ensinar esta lingua.

“Termino (...) con el envío de mi foto (...) y con el mismo ruego de mi anterior sobre la antología que te pedí y una obra de Rosalía que había en casa (...)”

Te envío querida Suso con el envío de mi foto sacada en cualquier momento y en cualquier parte de Provincia y con el mismo ruego de mi anterior sobre la antología que te pedí y una obra de Rosalía que había en casa y con el deseo de que pronto me digas que estás buena del todo te

“voy a pedirte un favor y es que por correo me envíes una gramática castellana pues estoy enseñando nuestro idioma y me hace falta. (...) Si tienes algún libro de cultura general también.”

verificar yo todas las fechas de nacimiento y... voy a pedirte un favor y es que por correo me envíes una gramática castellana pues estoy enseñando nuestro idioma y me hace falta. Hazlo por correo certificado y si tienes algún libro de cultura general también. Aunque crean contestaciones de oposición igual me sirven pero que se puede mandar hasta un xq. autoralte en correo. Sin nada mas que decir queridos hermanos rogamos me escribas tan pronto como puedas o envía un frente abaso nuestro hermano  
Pepe

Noutra das cartas, datada o 10 de abril de 1940, José faille saber ó seu irmán que a súa cuñada Sinda, emigrada a Bos Aires, lle ofreceu a posibilidade de mandarlle cartos para viaxar a Arxentina canda ela, o que mostra tanto a preocupación da súa familia como a súa percepción de temporalidade da situación que estaba a vivir.

“De Julia recibo cartas con mucha frecuencia (y en) una me dice que Sinda me manda dinero para que me vaya para junto de ella.”


de nuestra mejor que nunca te escribo como antes. De Julia recibo cartas con mucha frecuencia y una me dice que Sinda me manda dinero para que me vaya para junto de ella. ¿Te parece un regalo? ¿Le gustaría que estuviera con ella? De eso luego no tengo inconveniente en ir a vivir con ella si ella no se siente mal o no quiere.

Na derradeira misiva da que temos constancia fai referencia a unha enfermidade (que Olga nos confirma que se trata do tifo) e a unha precaria situación económica. Sen embargo, a pesar de que avisa á familia de que non poderá escribir coa mesma regularidade que ata entón (e seica deixará de facelo), rógalles que non deixen de escribirlle tanto como lles sexa posible. Deste xeito, as cartas de José deixan de chegar e a familia deixa de saber do seu paradoiro, situación e ánimo.

“Yo por motivos que facilmente podreis comprender después de mi grave enfermedad, me veré obligado a restringir mi correspondencia con vosotros o aún tal vez a suspenderla (...). Por eso os ruego que aunque tarde en escribiros no creais que os olvido, pues ello obedece a motivos de índole económica. (...) No os escribiré independientemente como antes, a cada uno, por los antedichos, pero os ruego que vosotros lo hagáis con tanta frecuencia como ello os sea factible.”



*Olga e Julia (de loito) antes de 1947*




Mentres todo isto ocorre en Francia, Julia e Olga retomarán a súa vida en Carral. A volta suporá un cambio importante para ámbalas dúas. María, a madriña de Olga, consegue enviarlles algunhas das pertenzas que tiveran que deixar en Barcelona dado o atropelado da súa saída da cidade, xunto con ocasionais envíos de xoguetes para a rapaza, que motivarían máis dun enfrontamento cos pícaros do lugar por mor da súa excepcionalidade en tal contexto. Tamén seguiría a relación coa familia do padriño, exiliado en México, que as visitaba de vez en cando.


O infortunio fai que Julia contraia tuberculose e morra á idade de 35 anos, no ano 1947. Olga pasa a vivir co irmán da súa nai, o seu tío Pepe, pai de catro fillos e empregado do Concello.

As novas sobre a morte de José son incertas. Olga non recorda ben como chegou a sabelo, pero sabemos por unha foto, que antes da morte de Julia Fuentes, no ano 1947, xa tiñan constancia deste feito, pois ela chegou a vestir de loito pola morte do seu home. É probable que as indagacións da súa madriña deran co aciago final que agardaba ó republicano no exilio forzado. De feito, foi ela quen mandou facer en Barcelona un recordatorio pola morte de José e no que aparece o lugar e a data exacta da súa defunción.





Si que temos constancia de que a finais do ano 1950 unha carta do “Ministere des Anciens Combattants et Victimes de Guerre” do goberno francés debeu ser remitida a Julia, xa falecida, informándolle oficialmente da morte de José Seijas Insua. Mais dela nada sabían as súas descendentes.




Carta de defunción de José enviada pola República Francesa  
(Fonte: mjusticia.gob.es)

Xa nos albores do século XXI, Olga e a súa filla Julia acaban por ave-

riguar o paradeiro de José, grazas a un documento que conseguen a través da Cruz Vermella. Así souberon que o seu pai fora trasladado de Saint Cyprien ó Stalag (abreviatura do alemá *Stammlager*, campamento principal) XI-B en Fallingbostel, na baixa Saxonia alemá, onde lle deron o número de prisioneiro 87381. De alí é deportado a Mauthausen o 27 de xaneiro de 1941 co número 6551. Finalmente é trasladado o cercano campo de Gusen, a escasos cinco quilómetros do anterior, a onde enviaban a aqueles que xa non voltarían. O seu derradeiro número de prisioneiro foi o 12422 e a súa morte está datada no seis de xullo de 1942.

Documento da Cruz Vermella onde figuran os diferentes destinos de José en Francia



## A memoria de José

O goberno alemán e a súa política compensatoria indemnizan economicamente a Olga, como lexítima herdeira de José unha vez finada a súa nai. A partir de 1958 iníciase un proceso cheo de tramitacións no que os alemáns, xunto coa Federación Española de Deportados e Internados Políticos no exilio francés, recoñecen a José como vítima do nazismo. Un proceso moi coidado polo devandito goberno, que se comunica a miúdo con ela para informarlle do estado do proceso e tranquilizala indicándolle que todo avanza como é debido. Asemade, no ano 1961 recibe unha notificación segundo a que o goberno alemán asume a responsabilidade da morte do seu pai e outórgalle unha indemnización económica. Os cartos recibidos supoñen un balón de osíxeno, que lle permiten deixar de depender da súa familia, adicándose a estudar perruquería e abrindo o seu propio negocio tempo despois.

Para cando Olga se decata da responsabilidade dos gobernos español e francés na morte do seu pai xa casara e nacera a súa filla Julia. Esta última consegue localizar todo o que o goberno francés lle pide para xestionar unha pensión xa na primeira década do século XXI. A colaboración da Cruz Vermella foi a chave que axudou a Olga e a Julia no proceso de conseguir a documentación, así como as indagacións no arquivo de Salamanca, de onde recuperaron información sobre José.

Olga creceu sen novas do seu pai, sen voltar a saber nada del dende principios da década dos anos 40. Agora que foi quen de reconstruír o destino de José acadou esa certa tranquilidade que aporta ter coñecemento do paradeiro dos seres queridos. Nalgunha ocasión voltou a Barcelona e visitou os lugares ós que adoitaba acudir coa súa familia, como o Passeig de Gràcia ou a Plaça de Catalunya. Sen embargo, a pesar de que tivo a ocasión de ir a Mauthausen, afirma que non se ve capaz de visitar o lugar onde o seu pai foi morto.

A historia de José, qué é tamén a de Julia, a de Olga e descendentes,

non é un caso illado. Foron miles os españois e centos os galegos deportados e exiliados que remataron os seus días nos campos de concentración espallados pola xeografía do vello continente. Contra o que popularmente se pensa, o tempo non sempre cura as feridas. A dor que supuxo a deportación dos republicanos españois nunca foi reparada. A investigación e divulgación de casos como o de José, Julia e Olga son necesarias non so para recuperar á memoria do seu destino, senón tamén para reivindicar a dignidade daqueles que padeceron os horrores do conflito somentes por pensar de xeito diferente.



## **Anexo**

### **Memoria histórica ás dúas beiras do Atlántico – España e Brasil**

#### **Márcia Lika Hattori (arqueóloga, Incipit-CSIC)**

José Seijas Insúa, coruñés de Carral, tiña os cabelos pretos e lisos e lle gustaba pasear coa súa filla pequena Olga polas rúas de Barcelona cando a familia chegou a Cataluña. Pouco se sabe del. Despois de ter que exilise e ser enviado ós campos de concentración é cando desaparece e é asesinado polo réximen nazi. Sin embargo, reaparece cada vez que accións como a desta publicación son feitas, ou cando vemos as súas palabras, materializadas nas cartas preservadas pola súa filla que ten nelas a memoria e as palabras do pai que non puido máis reencontrar.

Coñecín a Olga, filla de Julia e José, en Carral, a comezos do mes de Outubro con Nieves e Miguel cando ámbolos dous voluntarios da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) foron a levar a entrevista transcrita e validar o texto coa filla e a neta de José Seijas Insua. Un proceso fundamental, de creación colaborativa dun texto, entre os que alí estaban e especialmente de confianza para compartir experiencias de vida –algunhas traumáticas e dolorosas, pero tamén de resistencia e ledicia.

A súa historia de vida, a loita polo recoñecemento do pai como vítima do nazismo, é daquelas historias fundamentais que deben ser divulgadas e difundidas con o obxectivo de que a represión, persecución política, tortura, desaparición e crimes de violación de dereitos humanos non volten ocorrer. Posibilita que espazos para a apoloxía deste tipo de prácticas ou réximes deixen de existir no presente.

Tiven a oportunidade de escoitar a súa historia, que me levou a moitas outras, desde a miña experiencia persoal e profesional. Aínda coas distancias que os coidados coas comparacións e semellanzas merecen, a

súa narrativa aproximoume a moitas outras que escoitei no Brasil nos contextos de familiares que buscan ós seus desaparecidos e parten de familias rotas e profundamente marcadas pola represión do século XX. Non por casualidade, Olga e a historia do seu pai transportáronme á historia dunha homónima súa. Olga Benário Prestes, alemá que viaxou ó Brasil en 1934 polo seu activismo na Internacional Comunista e onde coñece ó seu compañeiro Luis Carlos Prestes. Presa en 1936 pola policía brasileira durante a ditadura de Getúlio Vargas, é entregada grávida ó réxime nazi sendo enviada a diferentes campos de concentración ata chegar ó campo de Bernburg, onde é asasinada na cámara de gas. A súa filla recién nacida, Anita Leocádia Prestes, consegue ser salvada pola súa avoa D. Leocádia, que fuxe cara México co bebé.

No Brasil, as dúas ditaduras que ocorren no século XX –a dos anos 1930 e a dos 1960, que dura 21 anos (1964-1985)- marca procesos que son moi semellantes ós do contexto español. Especialmente tralo fin da ditadura e no proceso de redemocratización. No Brasil, ata hoxe, o axuízamento de torturadores e asesinos nunca ocorreu. A busca pola memoria e a verdade son esforzos levados a cabo pola sociedade civil –familiares, asociación e colectivos- que ven a necesidade de ir contra a política do esquecemento. Foron eles os que recibiron o peso e os encargados de presentar probas ó Estado de que os seus familiares desapareceran, de que estiveron relacionados coa loita contra a represión para así ter un recoñecemento do Estado brasileiro.

Como en moitos casos no mundo, as principais demandas dos familiares nese aspecto teñen sido:

A necesidade do recoñecemento do Estado,

A necesidade de saber que pasou,

De realizar rituais de recordo,

Xustiza,

De que o seu sufrimento sexa recoñecido e recibir distintos apoios, sexan este sociais, económicos ou psicolóxicos.

No que se refire ás políticas da memoria, son pouco ata día de hoxe os espazos musealizados. Os nomes das rúas e das escolas seguen homenaxeando a ditadores e xenerais. Paisaxes de terror e espazos onde foron creados campos de concentración, centros clandestinos e fosas seguen sen ningunha referencia ó que ocorreu, sen indicación ou placa algunha.

Os procesos de xustiza de transición son fundamentais cara a consolidación da democracia. Cando iso non ocorre, ou non é feito a partir dos eixos fundamentais de memoria, verdade e xustiza, ábrese espazo para que sigan ocorrendo violacións de dereitos humanos e que a fráxil democracia manteña aspectos nas súas institucións de estruturas, mecanismos e estratexias das ditaduras.

Se, como escribe Elizabeth Jelin, existe un acto político voluntario de destrución de probas e pegadas coa fin de promover esquecementos selectivos a partir da eliminación de probas documentais. Por outra banda, os recordos e memorias dos protagonistas e testemuñas non poden ser manipulados do mesmo xeito. A importancia de dar a coñecer historias como a da familia de Olga e Julia e ten que ver co compromiso coas xeracións futuras mais tamén coa ruptura desa dinámica de ocultación sistemática de feitos que todos temos dereito e deber de coñecer.

## Os autores

**M<sup>a</sup> Nieves Villar Garrote** é mestra de Educación Primaria na Coruña. No ano 2009 coincide nun curso de formación de profesorado con Carmen García Rodeja, membro da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), e desde aquela recibe información do que a ARMH estaba a facer. A inicios de 2018, tras asistir á exposición e conferencias sobre "Boix, fotógrafo de Mauthausen", síntese interesada por este tema, ofrecéndose como colaboradora. É a partir de aí cando entra en contacto con algunhas das familias de deportados para intentar recuperar as súas historias. Entre elas atópase a de José Seijas Insua, de Carral.

**Miguel Alonso Cambrón** é antropólogo no Instituto de Ciencias do Patrimonio do Consello Superior de Investigacións Científicas de Santiago de Compostela, membro da Asociación Galega de Antropoloxía, da Sociedade Antropolóxica Galega e forma parte da equipa do gabinete antropolóxico Ab Origine. Ten desenvolto e participado en proxectos de investigación, formación e documentación nos eidos da identidade, a memoria oral, a fenomenoloxía urbana, o patrimonio inmaterial ou a metodoloxía etnográfica. Colabora coa Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) dende 2018.

Investigación promovida pola **Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH)** coa colaboración de **Cultura Aberta de Carral**.

